
A Coral Stella Maris destacou na noite do III Festival de Verán celebrado no Torreiro de Priegue.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 08 Agosto 2015 22:31



A Coral Stella Maris de Priegue destacou coas súas voces na noite do sábado. No transcurso do III Festival de Verán o Centro Recreativo e Cultural O Torreiro de Priegue abarrotouse de público que seguiu o concerto.

O evento organizado pola coral xunto co Concello de Nigrán deu comezo ás 21 horas e rematará cun espectáculos pirotécnico. O concerto contou cunha carpa e pantalla xigante para maior disfrute dos asistentes.

A velada foi acompañada por veciños e autoridade do Concello de Nigrán.